



OFERTA DE TRABALLO TEMPORAL PARA CUBRIR OS POSTOS CREADOS AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2020 EN ENTIDADES VECIÑAIS E/OU CULTURAIS

O Centro Sociocultural A. R. de Valladares ofrece a posibilidade de optar a presentarse para cubrir os seguintes postos de traballo temporal, entre o 1 de abril e o 30 de setembro do 2020.

1º.- Comunicador/a, durante 6 horas diarias.

Titulación requirida: Licenciatura ou Graduat@ en Ciencias da Comunicación (Publicidade e Relacións Públicas).

2º.- Profesor/a durante 8 horas diarias.

Titulación requirida: Diplomad@ ou Graduat@ en Maxisterio ou Pedagogía, valoraranse outras titulacións a maiores.

3º.- Xornalista, durante 6 horas diarias

Titulación requirida: Diplomad@ ou Graduat@ en xornalismo, Ciencias da Información, (valorarase que teña a especialidade Radiofónica)

Criterios de escolma para todos os postos, por orde de preferencia:

1º.- Que teñan a titulación mínima requirida (primarase que dispoñan dun maior nivel de estudos académicos), ou acrediten maior experiencia.

2º.- Dominio da lingua galega oral e escrita.

3º.- Si estes filtros non deixan un único candidato por posto, será a entrevista persoal a que decida @ profesional que se contrate.

No caso de que @s candidatos non cumpran os requisitos, recurrirase a unha nova convocatoria, a oficina de Emprego ou a outras vías para cubri-lo posto.

CONDICIÓN IMPRESCINDIBLES:

Non se admitirá como candidat@ a ningunha persoa que non resida no Concello de Vigo con anterioridade ó 1 de xaneiro do 2019, que non cumpra coa titulación ou experiencia mínima requirida no posto, agás que ningún candidato dispoña dela, e que non estea en situación de desemprego.

A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A documentación entregárase en man, nas oficinas do Centro, en horario de 9,30 a 14,30 e de 16,30 a 21,30, nun sobre pechado coa denominación do posto ó que se opta, cunha fotocopia da tarxeta de desemprego cun volante de residencia ou empadronamento actualizado, cunha fotocopia do título que o habilita para optar o posto e/ou Curriculum Vitae e os contratos laborais ou acreditacións oficiais que proben a experiencia no posto, de ser o caso. Igualmente aportarán copia dos outros requisitos baremables, se os houbera.

Se xurdiran causas de forza maior que impidiran a entrega en man, admitiríase no correo-e cvallada@ctv.es

Prazo de entrega da solicitude : do 18 ó 25 de marzo ás 21,30 horas

Data da escolma: 26 de marzo

Esta oferta tamén pode consultarse na Web: www.valladares.tv, na web municipal "Asociacións en Rede", (<http://asociacions.vigo.org>) ou nos taboeiros de anuncios do CVCV e do Departamento de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

* So se avisará @ candidat@ escolmad@

A XUNTA DIRECTIVA

SUBVENCIONA

CONCELLERÍA
DE
EMPREGO

CONCELLO
DE VIGO

